

PROGRAMACIÓN DOCENTE
CULTURA E PENSAMENTO

curso 2018-19

ESQUEMA XERAL

- I. Datos descritivos da materia
- II. Contexto da materia
- III. Obxectivos xerais
- IV. Adquisición de destrezas e habilidades
- V. Volume de traballo
- VI. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- VII. Metodoloxía docente
- VIII. Avaliación da aprendizaxe
- IX. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

Nome da materia	Cultura e pensamento
Código	IV20102
Tipo (M / O / AC)	M
Curso aconsellado	1º
Créditos totais	3
Horas totais de traballo da/o estudante	75
Cuadrimestral (especificar 1º/2º)	1º
Ámbito (H / T / XS / C / CS)	H

Tipo: M=materia, O=obradoiro e AC=actividade complementaria

Ámbito: H=humanidades, T=tecnolóxico, XS=xurídico social, C=científico e CS=ciencias da saúde

I.1. Profesor: Domingos Antom Garcia Fernandes

Profesor coordinador da materia: Domingos Antom Garcia Fernandes

Profesor	Créditos (especificar A, P ou V)	Horario titorías	Lugar	Lingua
Domingos Antom Garcia Fernandes	3 A		Escola de Enxeñería Forestal	Galego

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 2. Data oficial dos exames finais

Na quarta-feira, da primeira semana posterior á conclusom das Aulas, em horário de 16'30 à 20'30 (pode-se alterar tal horário em funçom do número de alumnos).

https://seix.uvigo.es/uv/web/maiores/page/ci_calendario

I. 4. Coñecementos previos para cursar a materia

Non son necesarios

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO PROGRAMA

Materia encadrada no Ciclo Intensivo do PUM-Pontevedra, aconséllase para o 1º curso, co fin de iniciar a formación do alumnado

III.- OBXECTIVOS XERAIS

- Dilucidar as problemáticas do universalismo e do relativismo culturais por meio da comparación intercultural
- Favorecer o holismo interdisciplinario fronte à segmentación
- Dotar de instrumentos conceituais, que permitan unha crítica do intercâmbio desigual, que se traduz en comportamentos classistas, etnocéntricos, racistas, sexistas, xenófobos...
- Introduzir na complexa e ambígua cuestión das identidades
- Abordar os procesos históricos de institucionalización
- Examinar os fenómenos da mundialización e da globalización
- Comprender as máis relevantes opcións teóricas no campo da Antropología Cultural
- Analisar a temática do cambio social.

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Aguarda-se que o alumnado :

- Comprenda, no horizonte assinalado nos **objetivos gerais**, as **questons fulcrais** dos contidos
- Consiga unha fluída expresión oral (diálogos e debates nas Aulas) e escrita (trabalho final de investigación)
- Domine o vocabulario esencial da disciplina
- Controle as distintas perspectivas teóricas

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fóra da aula	Factor de traballo do alumnado	Horas de traballo persoal do alumnado	Horas totais do alumnado	Créditos
Clase maxistral	15		1.5	22.5	37.5	1.5
Prácticas	15		1.5	22.5	37.5	1.5
Viaxe de estudos						
Exame						
Total					75	3

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	Para primitivos nós próprios. A origem, o objeto e o campo da Antropologia Cultural	2
2	A idea de Cultura: a versom dos antropólogos	4
3	As técnicas de investigación em Antropologia. A observação participante	2
4	As velhas e as novas formas de identificación individual e colectiva	4
5	A familia e a reprodución social: os nenos, os jovens, os pais, os velhos	2
6	A construción das desigualdades homem-mulher	2
7	A Antropologia do Desenvolvemento	4
8	Algumhas perspeitivas teóricas em Antropologia Política	2
9	Introdución ao estudo antropológico da Religiom	4
10	As principais focagens teóricas em Antropologia Cultural	4

Programa práctico (se o houbera)

Tema	Contidos	Duración

Viaxes de estudo (se as houbera)

Tema	Actividades a desenvolver	Duración

Bibliografía

Harris, Marvin (2011). *Antropología cultural*. Madrid: Alianza Editorial

Diamond, Jared (2015). *El mundo hasta ayer. ¿Qué podemos aprender de las sociedades tradicionales?* Barcelona: Debolsillo.

Bibliografía complementária:

Bouzas, P. e Domelo, X. A. (2010¹²). *Mitos, ritos y leyendas de Galicia. La magia del legado celta*. Barcelona: Martínez Roca.

De La Cruz, Isabel (coord.) (2001). *Introducción a la antropología para la intervención social*. Valencia: Tirant lo Blanch.

- González-Millán, X. (2000). *Resistencia cultural e diferenca histórica*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Lamas Crego, Santiago (2004). *Galicia borrosa*. Sada: Edicións do Castro.
- Mandianes Castro, M. (2003). *O río do esquecemento. Identidade antropolóxica de Galicia*. Vigo: Xerais.

Bibliografía para o traballo de investigación:

- Mariño Ferro, X. R.(2000). *Antropoloxía de Galicia*. Vigo: Xerais de Galicia.
- Proxecto Galicia de Hércules de Ediciones, A Coruña*. Há 7 volumes de Antropología Galega

Nota bene: orientada mais bem aos que desenvolvam umha procura a respeito de Antropologia de Galiza

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE

Clases

Nas Aulas combinará-se a lección do profesor com o diálogo e o debate. Aproximadamente 1 hora de lección e umha de discussom em cada sessom. Entregarám-se materiais escritos, que cobrirám a totalidade do programa.

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

1. Será obrigatória a assistêcia ao 80% das Aulas.
2. Realizará-se um traballo individual de investigación (enunciará-se a sua extensom e estrutura), e fará-se umha **colocaçom em comum** o dia do exame final. Darám-se as normas oportunas para tal exame: tempo de exposiçom individual e tempo para observaçoms e perguntas do professor e dos companheiros de Aula.
3. Nas 15 horas de tutoria orientará-se a cada aluno na escolha do tema de pesquisa e na maneira de o desenvolver.
4. Valorizarám-se as intervençoms na Aula em um processo de **avaliaçom continuada**.
5. **Muito relevante:** será um processo, sem ameaçoms de suspensoms, no que os alunos aportem, com o seu diálogo nas aulas e na tutoria e também através do traballo de pesquisa, os seus conhecimentos e experiêcias.

IX.- OBSERVACIÓNS